



**Imparte o taller: Antolina Fernández (Psicodramatista)**

**Duración: 36 horas (18 sesions) repartidas en 9 tardes de Outubro a Xuño**

**Horario: 1 sábado ao mes de 17:00 a 21:00**

**Lugar: Pazo da cultura**

**Calendario: 25 de Outubro, 22 de Novembro, 13 de Decembro,  
24 de Xaneiro, 21 de Febreiro, 21 de Marzo, 18 de Abril,  
23 de Maio e 20 de Xuño**

**Prazas restrinxidas. Admisión por orde de inscrición  
Apuntarse no teléfono 669794462**

**Organiza: ASEMBLEA DE MULLERES DE PONTEVEDRA**



## **As deusas de cada muller: arquetipos e identidade**

**Obradoiro de autocoidenamento**

**Organiza: Asemblea de mujeres de Pontevedra**

## AS DEUSAS DE CADA MULLER: Arquetipos e identidade



Este obradoiro ten o seu fundamento teórico nos arquetipos de Jung e más concretamente na aportación da psicoanalista jungiana feminista Jean Shinoda Bolen.

As mulleres xogamos unha serie de roles que nos foron transmitidos culturalmente ao longo dos séculos; estes roles, expresión dunha determinada maneira de sentir e pensar, teñen a súa concreción simbólica (como un espello no que nos miramos) en arquetipos. A representación simbólica destes arquetipos varía dunhas culturas a outras pero o seu contido persiste; neste taller ímonos centrar en sete arquetipos universais representados por sete deusas da cultura greco-romana:



1. Artemisa-Diana: Amiga e irmá, deusa da caza e da lúa, amiga da natureza.

2. Atenea-Minerva: Filla do pai e estratega, deusa da sabiduría e da artesanía.

3. Hestia-Vesta: Tia solteira e muller sabia, deusa dos fogares e dos templos.

4. Hera-Juno: Esposa, deusa do compromiso.



5. Demeter-Ceres: Nai e nutridora, deusa das colleitas.



6. Perséfone-Proserpina: Filla da nai, deusa do mundo subterráneo.

7. Afrodita-Venus: amante e muller creativa, deusa do amor e da beleza.



Trátase de conectar coas deusas que todas as mulleres levamos dentro, cos arquetipos universais que a través do inconsciente colectivo e dos estereotipos culturais nos teñen socializado e marcado:  
¿Que deusa ou deusas (arquetipos) nos inflúen máis? ¿Cales nos potencian? ¿Cales nos limitan?.



Trátase de conectar coas infinitas potencialidades que todas as mulleres posuimos porque todas podemos conter distintos atributos de todas as deusas e construir a GRANDE DEUSA, a deusa que precisamos para sobrevivir e evoluir, para autoafirmarnos e transformarnos; a deusa que queremos ser CADA UNHA de NOS